



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON10112D	Expediente CON/26/2016	

15078DCON10112Dz



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro e instalación de elementos novos para renovación da área de xogos infantís do parque de Galeras.

TIPO DE LICITACIÓN: 63.177,00 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 27 de setembro de 2016, ás 9:00 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vocais: D. Rafael Peña, representante do grupo CA.
Dna. María José Corral representante do grupo PP.
D. Gregorio López, técnico especialista parques e xardíns.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	20/09/2016	44.344	A78963071 MOYCOSA, S.A.
2	21/09/2016	44.486	B82806738 CONTENUR SL
3	21/09/2016	44.509	A07478290 HAGS SWELEK SA
4	21/09/2016	44.517	A58620808 HPC IBERICA SA
5	21/09/2016	44.523	B83179416 SPORT EQUIPALIA SL
6	22/09/2016	44.720	B15547979 JARDINERIA ARCE S.L. (*)
7	22/09/2016	44.751	B85213304 MOBILIARIO URBANO Y PARQUES DE CASTILLA SLU(*)
8	22/09/2016	44.767	B36550382 VIGALCO S (*)
9	22/09/2016	44.768	B94106663 ZONA DE OBRA O ROSAL SLU (*)
10	23/09/2016	44.957	B60961554 LAPPSET ESPAÑA VR SL (*)
11	23/09/2016	44.960	A58178161 JUEGOS KOMPAN SA (*)
12	23/09/2016	44.994	B70329321 OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO SL (*)
13	23/09/2016	44.999	B36495604 GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS SL (*)
14	23/09/2016	45.024	NOVATILU, SLU (*)
15	26/09/2016	45.212	GALOPIN PLAYGROUNDS,S.L.(*)

**Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación lévase a cabo á apertura pública dos sobres que conteñen os criterios de adxudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes dos licitadores admitidos, procedendo a comprobar o cumprimento dos requirimentos recollidos na cláusula 13. 3 do prego de aplicación.



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON10I12D	Expediente CON/26/2016	

15078DCON10I12Dz



Desta análise resultan as seguintes incidencias:

. as empresas CONTENUR SL e HAGS SWELEK SA non presentan debidamente asinada a súa documentación incumprindo o taxativo requerimento do prego que sinala:

*"Será motivo de **exclusión** da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non esté subscrita na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsanada coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre".*

Ante a ausencia do apoderado da empresa neste acto, a mesa acorda a súa exclusión da licitación.

. as empresas ZONA DE OBRA O ROSAL, VIGALCO e NOVATILU presentan ta só unha unidade da súa documentación en formato CD das dúas esixidas, polo que, de acordo co recollido no Prego, concédeselles un prazo de tres días para a subsanación desta deficiencia.

Finalmente, e unha vez que se subsanen os anteditos defectos formais, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios NON avaliábeis mediante cifras.

Ás 9:20 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I12D	<i>Expediente</i> CON/26/2016	

15078DCON10I12Dz



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro e instalación de elementos novos para renovación da área de xogos infantís do parque de Galeras.

TIPO DE LICITACIÓN: 63.177,00 euros máis IVE.

PROCEDIMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 9 de decembro de 2016, ás 8:50 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vocais:
Dna. Noa Morales, representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez Brunete, representante do grupo PP.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Gregorio López, técnico especialista parques e xardíns.
Dna. Ana Gago, viceinterventora xeral municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A Mesa de Contratación procede ó exame do informe valorativo realizado polos técnicos municipais sobre os criterios de adxudicación NON avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes no que se da conta das puntuacións acadadas por cada licitador e se poñen de manifesto ós presentes na reunión. Este informe acompáñase á presente acta.

Amosándose conformes co seu contido e conclusións os membros da mesa, acórdase convocar a apertura do sobre relativo os criterios avaliábeis en forma de cifras ou porcentaxes.

Ás 9:20 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA





<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I12D	<i>Expediente</i> CON/26/2016	

15078DCON10I12Dz



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro e instalación de elementos novos para renovación da área de xogos infantís do parque de Galeras.

TIPO DE LICITACIÓN: 63.177,00 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 13 de decembro de 2016, ás 9:00 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vocais:

- D. Jorge Duarte, representante do grupo CA.
- D. Alejandro Sánchez Brunete, representante do grupo PP.
- D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
- D. Gregorio López, técnico especialista parques e xardíns.
- Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
- D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten representantes da empresa LAPPSET ESPAÑA e da Federación Gallega de la Construcción,

Dase lectura neste acto público ás conclusións do informe valorativo realizado polos técnicos municipais sobre os criterios de adjudicación NON avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes. En virtude deste informe resultan excluídas as seguintes empresas:

. NOVATILU SLU xa que a súa proposta de execución non se adapta o espazo delimitado predefinido no prego técnico.

. MOYCOSA SA, HPC IBERICA SA, SPORT EQUIPALIA SL, JARDINERIA ARCE SL, VIGALCO SL, ZONA DE OBRA O ROSAL SLU, OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO SL, GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS SL e GALOPIN PLAYGROUNDS SL por non acreditar o cumprimento da normativa requirida, de acordo co esixido no prego técnico de aplicación que no seu punto 5 relativo ós xogos infantís establece que "os fabricantes dos xogos deberán acreditar o cumprimento da normativa de calidade ISO 9001 e de respecto medioambiental ISO 14001".

A continuación procédese á apertura dos sobres dos que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adjudicación avaliábeis mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVA excluído)	Ampliación prazo mantemento	Ampliación prazo garantía
7	B85213304 MOBILIARIO URBANO Y PARQUES DE CASTILLA SLU(*)	53.100,00	Non	Non
10	B60961554 LAPPSET ESPAÑA VR SL (*)	61.274,00	Tres anos	Tres anos
11	A58178161 JUEGOS KOMPAN SA (*)	63.127,44	Tres anos	Tres anos

Rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I12D	<i>Expediente</i> CON/26/2016	

15078DCON10I12Dz




a cada licitador sobre os devanditos criterios así como a puntuación final acadada por cada un deles en todo o proceso licitatorio.

Ás 9:13 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA

O SECRETARIO DA MESA





**CONCELLO DE
SANTIAGO**

INFORME DO DEPARTAMENTO DE PARQUES E XARDÍNS

EXPEDIENTE: contratación mediante procedemento aberto do "Subministro e instalación de elementos para a renovación da área de xogos infantís do Parque de Galeras. CON/26/2016.

ASUNTO: valoración do sobre nº 2. PROPOSICIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES.

O obxecto do presente informe, é analizar e valorar as propostas técnicas contidas no sobre nº 2 das ofertas presentadas polas empresas licitadoras no procedemento indicado anteriormente, segundo os contidos descritos no prego de cláusulas administrativas particulares e na memoria valorada.

Segundo o punto 10.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares, tomaranse como base os seguintes criterios non avaliados mediante cifras:

1. Xogos infantís, chan de seguridade, valo de protección e mobiliario: ata un total de 40 puntos.
 2. Calidade dos materiais que hai que empregar: ata un máximo de 9 puntos.
1. XOGOS INFANTÍS, CHAN DE SEGURIDADE, VALOR DE PROTECCIÓN E MOBILIARIO.

No primeiro apartado valóranse os aspectos relativos ó deseño, a estética, o valor lúdico e a diversidade dos xogos adaptados segundo o cadro seguinte.

ELEMENTO	DESEÑO	ESTÉTICA	VALOR LÚDICO	Nº E DIVERSIDADE DOS XOGOS ADAPTADOS	TOTAL
XOGOS 54%	40%	15%	20%	25%	100%
CHAN 24%	25%	25%	25%	25%	100%
VALO 12%	75%	25%	0	0	100%
MOBILIARIO 6%	75%	25%	0	0	100%

TOTAL: 96%

Logo de observar un erro de 4 puntos na totalización da porcentaxe dos elementos (a suma da 96%), coa fin de corrixilo procedeuse ao reparto proporcional dos 4 puntos porcentuais con respecto ao peso que tiñan os elementos existentes, outorgándose a valoración correspondente ó peso dos criterios establecidos segundo o detalle do cadro seguinte:

ELEMENTO	DESEÑO	ESTÉTICA	VALOR LÚDICO	Nº E DIVERSIDADE DOS XOGOS ADAPTADOS	TOTAL
XOGOS 56,25%	40%	15%	20%	25%	100%
CHAN 25%	25%	25%	25%	25%	100%
VALO 12,50%	75%	25%	0	0	100%
MOBILIARIO 6,25%	75%	25%	0	0	100%

TOTAL: 100%

Obterá a puntuación maior o licitador que propoña a oferta máis vantaxosa, establecéndose as puntuacións restantes por interpolación, outorgándolle 0 puntos á oferta máis desfavorable.


As ofertas que hai avaliar, segundo se recolle na acta da 1ª reunión da mesa de contratación, son as presentadas polas seguintes empresas:

- MOYCOSA SA.
- HPC IBÉRICA SA
- SPORT EQUIPALIA SL
- JARDINERÍA ARCE SL
- MOBILIARIO URBANO Y PARQUES DE CASTILLA SLU
- VIGALCO SL
- ZONA DE OBRA O ROSAL SLU
- LAPPSET ESPAÑA VR SL
- JUEGOS KOMPAN SA
- OZIONA JUEGOS DE ENTRETENIMIENTO SL
- GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL
- NOVATILU SLU
- GALOPÍN PLAYGROUNDS SL

O punto 5 da memoria valorada, relativo aos “Xogos infantís” establece que – “Os fabricantes dos xogos deberán acreditar o cumprimento da normativa de calidade ISO 9001 e de respecto medioambiental ISO 14001”.

No cadro seguinte reflíctese a presentación e acreditación do cumprimento da normativa anteriormente indicada.

EMPRESA	ISO 9001	ISO 14001
- MOYCOSA SA	SI	Caducada o 20/06/2015
- HPC IBÉRICA SA	NO	NO
- SPORT EQUIPALIA SL	NO	NO
- JARDINERÍA ARCE SL	NO	NO



CONCELLO DE SANTIAGO

- MOBILIARIO URBANO Y PARQUES DE CASTILLA SLU	SI	SI
- VIGALCO SL	NO	NO
- ZONA DE OBRA O ROSAL SLU	NO	NO
- LAPPSET ESPAÑA VR SL	SI	SI
- JUEGOS KOMPAN SA	SI	SI
- OZIONA JUEGOS DE ENTRETENIMIENTO SL	SI	NO
- GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL	NO	NO
- NOVATILU SLU	SI	SI
- GALOPÍN PLAYGROUNDS SL	NO	NO

Polo anteriormente exposto, quedan excluídas da licitación por non presentar ou non acreditar o cumprimento total da normativa requerida:

MOICOSA SA.
SPORT EQUIPALIA SL
JARDINERÍA ARCE SL
VIGALCO SL
ZONA DE OBRA O ROSAL SLU
OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO SL
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL
GALOPÍN PLAYGROUNDS SL
HPC IBÉRICA SA

Tamén quedaría excluída NOVATILU SLU porque os planos presentados non se adaptan ao espazo indicado.

Quedarían polo tanto para informe valorativo sobre os criterios non avaliábles mediante cifras as seguintes empresas:

- MOBILIARIO URBANO Y PARQUES DE CASTILLA SLU.
- LAPPSET ESPAÑA VR SL.
- JUEGOS KOMPAN SA.

No seguinte cadro detállanse as porcentaxes e a puntuación correspondente a cadanseu apartado, interpolándose en dous tramos xa que as empresas que se van valorar son tres.

DESEÑO, ESTÉTICA E VALOR LÚDICO: 40 puntos.

ELEMENTO	DESEÑO		ESTÉTICA		VALOR LÚDICO		Nº E DIVERSIDADE DOS XOGOS ADAPTADOS			
	%	PTOS.	%	PTOS.	%	PTOS.	%	PTOS.		
XOGOS	56,25	22,50	40	9	15	3,375	20	4,5	25	5,625
CHAN	25	10	25	2,5	25	2,50	25	2,5	25	2,5



CONCELLO DE SANTIAGO

VALO	12,50	5	75	3,75	25	1,25				
MOBILIARIO	6,25	2,50	75	1,875	25	0,625				

TOTAL 100% 40

CALIDADE DOS MATERIAIS: 9 puntos.

ELEMENTO		
	%	PTOS.
XOGOS	50	4,5
CHAN	30	2,70
VALO	10	0,90
MOBILIARIO	10	0,90
TOTAL	100%	9

XOGOS.

Valoraranse aqueles aspectos do deseño, a estética e o valor lúdico que resulten estimulantes para o desenvolvemento físico e mental do neno, así como a adaptación dos xogos para nenos e nenas con diversidade funcional.

Valorarase tamén o proxecto, as formas, as cores e os materiais empregados, así como a súa integración no conxunto dos elementos presentados.

Tamén será obxecto de valoración que a maior parte dos xogos sexan axeitados para nenos e nenas con deficiencias visuais e con limitacións na súa mobilidade. Que inclúan aspectos relativos á diversión, a socialización e habilidades psicomotrices. Así como o número de usuarios e os rangos de idade de uso dos xogos.

LAPPSET ESPAÑA VR SL.

Os xogos presentados están tematizados en forma de barco, harmonizado cun pavimento en distintos niveis en forma de loma e cos elementos a distintas alturas, na que se inclúe un elemento en forma de barco, con mastro, dous tobogáns, trepas, paneis de xogo e compoñentes de xogo inclusivo.

Tamén se inclúe un posto sobre a zona elevada que inclúe un tobogán de aceiro, túnel, interior, rede de cordas e rocódromo inserido na loma. Unha cama elástica de 1900mm, un resorte con forma de balea e un xogo de teléfonos, outro xogo do tres en raia e unha mariola no pavimento amortecedor.

Segundo a normativa, pode ser usado por 126 usuarios, inclúe 66 actividades distintas e todas adaptadas para seren usados por nenos con problemas lixeiros de visión e motricidade sen acompañante e con deficiencias severas de visión e mobilidade con acompañante.



CONCELLO DE SANTIAGO

JUEGOS KOMPAN SA.

Os xogos presentados teñen unha temática inspirada na natureza (nenúfar, resorte xoaniña ..) e con debuxos de inspiración floral no pavimento amortecedor, levando as cores cara o verde (semellando herba) e amarelos – ocre (semellando area), todos situados ao mesmo nivel.

Incorpora oito elementos: unha randeeira combimetal de dous asentos planos e un asento para neno, un resorte xoaniña, un balancín nenúfar, un xogo de xiro rápido, unha combinación encontro, unha torre physical con tobogáns de plástico, unha torre con tirolina, unha randeeira con asento berce e outro especialmente adaptado para usuarios con discapacidade.

Poden empregalos simultaneamente 58 usuarios e están plenamente adaptados ao esixido polas directivas ADA (*Americans With Disabilities Act*).

MOBILIARIO Y PARQUES INFANTILES DE CASTILLA SLU

Propón a disposición dos xogos nunha soleira na que se inclúe unha estrutura *MILLER* tematizado en forma de coche, con pezas de poliéster roto moldeado, con tobogáns de xiro de 270º, tobogáns tuborectos, elementos de escalada vertical, dúas pasarelas cunha cuberta con arcos, elementos de equilibrio, ventás e un rocódromo.

Tamén inclúe unha estrutura *SHAKIR* realizada con poliuretano roto moldeado e paneis de polietileno de alta densidade, con elementos de rocódromo, arcos, pasarela, trepas, redes, balancíns e plataformas de salto e equilibrio.

Poden empregalos simultaneamente 29 usuarios, pero non indica o grao de adaptación dos xogos ás distintas discapacidades.

CHAN

Valorarase o contido lúdico e que o deseño estea orientado a estimular a imaxinación infantil, tamén a combinación das cores e das formas na mesma liña temática da área.


LAPPSET ESPAÑA VR SL.

Está deseñado segundo a tematización do parque, semellando ondas e zonas de atraque como se fose un porto, sendo as cores gradadas segundo a temática empregada. Tamén inclúen no chan varios xogos (tres en raia, mariola ...) e actividades asociadas (túnel, trepa, teléfono, etc) cun espesor de 3-6cm na capa inferior de SBR e de 1cm na de EPDM.

JUEGOS KOMPAN SA.

Propón o chan amortecedor en dúas cores –verde e amarela ocre- e zonas de cor vermella e tres flores de cor amarela ocre no pavimento, sobre soleira de hormigón, cunha pendente continúa do 1% para a evacuación das augas.

Empregarán granulado de SBR na base e EPDM na superficie, coas cores propostas, cun espesor adaptado á altura da caída libre.



CONCELLO DE SANTIAGO

MOBILIARIO Y PARQUES INFANTILES DE CASTILLA SLU

O pavimento amortecedor instálase nunha superficie de 300m² sobre soleira de formigón de 10cm de grosor con maízo, con base de SBR de 30mm de espesor e capa superior de 10mm de espesor de EPDM, granuládo de 1-4mm facendo formas geométricas simples de tres cores estándar diferentes.

VALOS.

LAPPSET ESPAÑA VR SL.

Non presenta valo ningún, situando a zona dos xogos protexida polo axardinamento circundante.

JUEGOS KOMPAN SA.

Non presenta valo ningún, situando a zona dos xogos protexida polo axardinamento circundante.

MOBILIARIO Y PARQUES INFANTILES DE CASTILLA SLU

Non presenta valo ningún, situando a zona dos xogos protexida polo axardinamento circundante.

MOBILIARIO.

LAPPSET ESPAÑA VR SL.

A oferta non inclúe banco ningún pero si un cartel modelo Santiago en forma de folla, de aceiro recuberto con metacrilato.

JUEGOS KOMPAN SA.

Non inclúe banco ningún e si un cartel de 40x60cm de aceiro galvanizado con cobertura de poliéster aplicado con calor.

MOBILIARIO Y PARQUES INFANTILES DE CASTILLA SLU

Propón 10 unidades de banco "modelo Alcobendas", 4 papeleiras "modelo Villagio" de 3 cubetas e cartel de 40x60cm con laminado antigrafittis.

CONCLUSIÓN

Considérase a opción de LAPPSET como a máis vantaxosa, segundo reflicten as puntuacións dos cadros que se achegan co informe, polo emprego de diferentes niveis co obxecto de crear ambientes distintos e específicos de xogo, pola harmonización entre a temática e o pavimento (tanto nas formas coma nos volumes) na gradación das cores e o conxuntado dos elementos, o que redundará nun maior número de usuarios, diversidade e capacidade de xogo, reflexando a porcentaxe de adecuación por idades de uso e



CONCELLO DE SANTIAGO

favorecendo a capacidade de integración dos usuarios (tanto no relativo ás idades como á adaptación).

Tamén explica a tipoloxía dos materiais empregados, detallando a súa porcentaxe de reciclabilidade.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2016.

O técnico do Departamento de Parques e Xardíns


Asdo: Gregorio López Albaronedo.

ELEMENTO	DISEÑO		ESTÉTICA		VALOR LÚDICO		Nº E DIVERSIDADE XOGOS ADAPTADOS		TOTAL	
XOGOS	PTOS.	%	PTOS.	%	PTOS.	%	PTOS.	%		
	22,50	56,25%	9	40%	3,375	15	4,5	20%	5,625	25%
	LAPPSET		9		3,375		4,5		5,625	
KOMPAN		4,5		1,687		2,25		2,812		
MOBILIARIO URBANO		0		0		0		0		
CHAN										
VALOS	PTOS	%	PTOS	%	PTOS	%	PTOS	%		
	10	25%	2,50	25%	2,50	25%	2,50	25%	2,50	25%
	LAPPSET		2,50		2,50		2,50		2,50	
KOMPAN		1,25		1,25		1,25		1,25		
MOBILIARIO URBANO		0		0		0		0		
PTOS	%	PTOS	%	PTOS	%	PTOS	%			
5	12,50%	3,75	75%	1,25	25%					
LAPPSET		0		0						

KOMPAN	0	0	0						
MOBILIARIO URBANO	0	0	0						
MOBILIARIO									
PTOS	%	PTOS	%	PTOS	%				
2,5	6,25%	1,875	75%	0,625	25%				
LAPPSET		0,93		0,625				1,555	
KOMPAN		0		0,625				0,625	
MOBILIARIO URBANO		1,875		0,625				2,5	

CALIDADE DOS MATERIAIS 9 PUNTOS.

EMPRESA	XOGOS		CHAN		VALO		MOBILIARIO		TOTAL
	PTOS	%	PTOS	%	PTOS	%	PTOS	%	
	4,5	50%	2,70	30%	0,90	10%	0,90		
LAPPSET	4,5		2,70		0		0,45		7,65
KOMPAN	2,25		2,70		0		0		4,95
MOBILIARIO URBANO	0		2,70		0		0,90		3,60

CADRO RESUMO

DESEÑO, ESTÉTICA, VALOR LÚDICO E DIVERSIDADE (40 PUNTOS)					CALIDADE DOS MATERIAIS (9 PUNTOS)					TOTAL	
EMPRESA	XOGOS (22,50ptos)	CHAN (10ptos)	VALOS (5ptos)	MOBILIARIO (2,5ptos)	TOTAL	XOGOS	CHAN	VALOS	MOBILIARIO		TOTAL
LAPPSET	22,50	10	0	1,555	34,055	4,50	2,70	0	0,45	7,65	41,705
KOMPAN	11,249	5	0	0,625	16,874	2,25	2,70	0	0	4,95	21,824
MOBILIARIO URBANO	0	0	0	2,500	2,5	0	2,70	0	0,90	3,60	5,10

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 100.- JMIC		
Documento CON10112D	Expediente CON/26/2016	



ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro e instalación de elementos novos para renovación da área de xogos infantís do parque de Galeras.

TIPO DE LICITACIÓN: 63.177,00 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 20 de decembro de 2016, ás 9:00 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vocais: D. Alejandro Sánchez Brunete, representante do grupo PP.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Gregorio López, técnico especialista parques e xardíns.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: Dna. Rocío Montañés Fernández, xefe de servizo de contratación e servizos comunitarios.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adjudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.

Da análise do referido informe despréndese que quen acadou a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas é o licitador LAPPSET ESPAÑA VR SL.

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**


Trasladar ao Sr. Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador **LAPPSET ESPAÑA VR SL**, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de **61.274 euros** IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9:12 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



A SECRETARIA DA MESA



INFORME DO DEPARTAMENTO DE PARQUES E XARDÍNS

EXPEDIENTE: contratación mediante procedemento aberto do “Subministro e instalación de elementos para a renovación da área de xogos infantís do Parque de Galeras. CON/26/2016.

ASUNTO: valoración do sobre nº 3. PROPOSICIÓN ECONÓMICA E OFERTA RELATIVA AOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES.

O obxecto do presente informe, é analizar e valorar as propostas técnicas contidas no sobre nº 3, proposición económica, e oferta relativa aos criterios de adxudicación mediante cifras ou porcentaxes para a licitación mediante procedemento aberto para a renovación da área de xogos infantís do parque de galeras CON/26/2016.

As ofertas a evaluar son as presentadas polas empresas:

- **MOBILIARIO URBANO Y PARQUES DE CASTILLA SLU**
- **LAPPSET ESPAÑA VR SL**
- **JUEGOS KOMPAN SA**

Segundo o punto 10.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares, tomaranse como base os seguintes criterios:

1. Maior baixa económica: ata un total de 27 puntos.
2. Mellora do servizo de mantimento: ata un máximo de 15 puntos.
3. Mellora da ampliación do prazo de garantía: ata un máximo de 9 puntos.

O presuposto de licitación sin incluír IVE e de 63.177€ ascendendo o IVE correspondente a 13.267.17€ o que fai un total de 76.444.17€.

VALORACIÓN

1 MAIOR BAIXA ECONÓMICA

A valoración das empresas clasificarase inicialmente por orden de mellor a peor segundo o criterio do “precio mais baixo da oferta”. Obtida a prelación de tódalas ofertas segundo este criterio, outorgarase a puntuación máxima de 27 puntos á oferta mais baixa e aplicaráselle ao resto das ofertas a seguinte fórmula:

$$P_n = (P_m \times O_b) / O_n$$

P_n = Puntuación da oferta.

P_m = Puntuación máxima posible.

O_b = Oferta mais baixa.

O_n = Importe da oferta que hay que puntuar.

EMPRESAS	OFERTA ECONÓMICA	IVE	TOTAL	PUNTUACION (27PTOS)
MOBILIARIO URBANO	53.100€	11.151€	64.251€	27
LAPPSET	61.274€	12.867.54€	74.141.54€	23.398
KOMPAN	63.127.44€	13.256.77€	76.384.21€	22.711

2 MELLORAS

MELLORA 1

AMPLIACION DO SERVIZO DE MANTIMENTO

A valoración das empresas clasificarase segundo o criterio de 5 Puntos por ano adicional ata un máximo de 15 puntos.

EMPRESAS	ANOS A INCREMENTAR (5 PTOS/ANO)	PUNTUACION (15 PTOS)
MOBILIARIO URBANO	0	0
LAPPSET	3	15
KOMPAN	3	15

MELLORA 2

AMPLIACION DO PRAZO DE GARANTIA

A valoración das empresas clasificarase segundo o criterio de 3 Puntos por ano adicional ata un máximo de 9 puntos.

EMPRESAS	ANOS A INCREMENTAR (3 PTOS/ANO)	PUNTUACION (9 PTOS)
MOBILIARIO URBANO	3	9
LAPPSET	3	9
KOMPAN	3	9

RESUMEN

EMPRESA	DESEÑO ESTÉTICA VALOR LUDICO E DIVERSIDADE (40 PTOS)	CALIDADE DOS MATERIAIS (9 PTOS)	OFERTA ECONÓMICA (27 PTOS)	AMPLIACION SERVICIO DE MANTIMENTO (15 PTOS)	AMPLIACION PRAZO DE GARRANTIA (9 PTOS)	TOTAL (100PTOS)
MOBILIARIO URBANO	2.50	3.60	27	0	9	42.10
LAPPSET	34.055	7.65	23.398	15	9	89.103
KOMPAN	16.874	4.95	22.711	15	9	68.535

Por todo o que antecede, pode afirmarse que a oferta presentada por LAPPSET ESPAÑA VR SL pode considerarse como a oferta máis favorable aos criterios establecidos nos pregos.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2016.

O técnico do Departamento de Parques e Xardíns



Asdo: Gregorio López Albaronedo.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I12D	<i>Expediente</i> CON/26/2016	



ACTA DA 5ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro e instalación de elementos novos para renovación da área de xogos infantís do parque de Galeras.

TIPO DE LICITACIÓN: 63.177 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 12 de xaneiro de 2016, ás 9.40 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vocais: D. Alejandro Sánchez Brunete, representante do grupo PP.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Gregorio López, técnico especialista parques e xardíns.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, LAPPSET ESPAÑA VR SL, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 9.45 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA

